



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G003/000211

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** NOMEAMENTO PEÓN APROL RURAL 2022 E LISTA DE RESERVA

**EXPEDIENTE:**2022/G003/000211

### ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por decreto desta Alcaldía, de data 13/05/2022, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación temporal dun peón para realización de labores de mellora forestal no Concello de Mesía ao abeiro da subvención concedida Aproz rural 2022 da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Coruña. Presentouse oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Ordes e publicáronse as bases na páxina web e no taboleiro de edictos do concello.

Visto o resultado da selección remitido pola Oficina de Emprego de Ordes e rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria, publicouse, en data 05/06/2022, a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, elevada a definitiva dado que non existía necesidade de subsanación, e nomeouse aos membros do tribunal cualificador, e convocáronse para a realización da proba de lingua galega, para a valoración da documentación da fase de concurso e para a realización da proba práctica da fase oposición.

Vista a proposta do tribunal cualificador segundo as puntuacións obtidas polos/as aspirantes durante o proceso selectivo, tal como se reflicte de seguido, e de conformidade coa dita proposta.

DNI	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN		
		FASE CONCURSO	FASE OPOSICIÓN	TOTAL
****787**	MIRA BAO VÍCTOR ANGEL	0,65	7	7,65
****054**	VEIGA SOTO ROCÍO	1,40	5	6,40

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear persoal laboral temporal, para o posto de peón, ao abeiro da subvención Aproz Rural 2022, dende o día 15 de xuño de 2022 ata o 14 de marzo de 2023, a xornada completa, cun salario bruto mensual de 1.397,25 euros, a:

- Mira Bao Víctor Angel, DNI \*\*\*\*787\*\*.

**SEGUNDO.-** Constituir a seguinte listaxe de reserva ao abeiro da base novena do proceso selectivo:

1. Dona Rocío Veiga Soto, con DNI \*\*\*\*054\*\*.



## CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2022/G003/000211

TERCEIRO.- Notificar ao interesado para a sinatura do contrato correspondente.

CUARTO.- Publicar o presente decreto na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

En Mesía, xoves 9 de xuño de 2022

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro